



‘DILUVIO’, de Tanxugueiras, acada o número 1 de vendas en tendas físicas á semana da súa publicación

O novo disco das pandeireteiras ocupa, na lista global de vendas en tendas físicas e dixitais que ofrecen GFK e Promusicae, a cuarta posición, só por detrás de Bad Bunny, Rosalía e Beyoncé.

‘DILUVIO’ é un traballo conceptual no que as cantareiras cuestionan crenzas, pecados ou presuntas culpas para transformalas “en aprendizaxes vitais”.



Sabela Maneiro, Olaia Maneiro e Aida Tarrío © Rocío Cibes

9 de agosto de 2022.- Tanxugueiras segue a colleitar fitos para a historia da música galega de creación colectiva. O trío de pandeireteiras vén de lanzar o seu terceiro álbum, ‘DILUVIO’, co que están a percorrer a Península Ibérica na Xira Midas de presentación do mesmo. O disco, publicado o pasado venres 29 de xullo, situouse como **o máis vendido en tendas físicas na semana do seu lanzamento**, quedando por riba de nomes como Beyoncé ou Harry Styles. O dato, facilitado por GFK e Promusicae (Productores de Música de España), dá conta da boa



acollida que recibiu, entre o público, o novo traballo das cantareiras, que este mesmo fin de semana recolleron no festival SonRías Baixas o **disco de ouro polo seu sinxelo 'Terra'** -outorgado en febreiro, aínda que hoxe en día supera os 30 millóns de reproducións na suma das plataformas-.

No **cómputo global** de vendas físicas e dixitais, **'DILUVIO' ocupa a cuarta posición** entre un cento de discos, só por detrás dos novos traballos discográficos de Bad Bunny, Rosalía e Beyoncé, e por riba de figuras de tirón internacional como C. Tangana, Sebastian Yatra ou Rauw Alejandro. A lista global pódese consultar na web <https://www.elportaldemusica.es/lists> .

“Pensar que tres cantareiras e pandeireteiras poden ser número un de vendas nun momento como o actual é increíble. Hoxe, máis que nunca, queremos compartir este recoñecemento con todas esas mulleres que mantiveron viva a nosa tradición. Tanto as anónimas, como as que compartiron o seu no coñecemento nas recollidas ou quen foi de porta en porta, por toda Galicia, recuperando o noso patrimonio. E vai tamén este agradecemento a quen está a tocar por vez primeira unha pandeireta: nenas, sodes o futuro da nosa música. Grazas a todas, este premio é de todas vós!”, sinalan Sabela Maneiro, Aida Tarrío e Olaia Maneiro.

DILUVIO

Tanxugueiras publica este verán 'DILUVIO' o seu terceiro traballo discográfico, un álbum conceptual editado por Calaverita Records e que propón rachar con todo o establecido para sandar, para volver a aprender” O disco, que xa está dispoñible [nas principais plataformas dixitais](#) e [La Casa del Disco](#), conta na súa versión física cunha **edición *deluxe*, cun libreto ilustrado de 24 páxinas** no que o grupo explica, motu proprio, o significado deste diluvio.

'DILUVIO' é unha **viaxe de indagación e autocoñecemento** que o trío percorre a través de verbos como ver, escoitar, equivocar, recordar ou apoderar. Un tránsito no que as cantareiras poñen en dúbida e enfrontan numerosas presuntas culpas ou 'pecados capitais' instalados na sociedade. E aos sete 'orixinais' (avaricia, envexa, ira, luxuria, preguiza, gula, soberbia), elas suman outros tres: patriarcado, hostilidade e homoxeneidade. Crenzas ás que deciden dar a volta e convertelas nunha **serie de aprendizaxes transformadoras para a vida**: un diluvio de autoaceptación, de diversidade, de amor libre, de apoderamento.

'DILUVIO' é un traballo musicalmente diverso: unha experiencia catártica na que **a voz e a cultura tradicional** son o fío condutor dunha viaxe evocadora que avanza a ritmo de muiñeira, xota, ou rumba, mesturadas con sonoridades máis urbanas e contemporáneas. Neste sentido, 'DILUVIO' confirma a aposta das creadoras, que asinan todos os temas do disco, pola **reinterpretación da tradición galega a través da fusión con ritmos urbanos**, próximos ao trap, hip hop ou electrónica, para achegar a música de raíz a un público máis novo.



Tras máis dun ano de lanzamentos cunha clara intencionalidade agochada para as e os ouvintes, **o público por fin pode coñecer o verdadeiro significado de cada un dos sinxelos**, os pecados e as aprendizaxes que se agochan tras eles. E esa é a clave de 'DILUVIO': unha viaxe, un percorrido desde a tormenta até a quietude. No medio delas, un torrente de culpas e ensinanzas vitais nas que se atopan himnos como 'Midas', 'Figa', 'Desidia' ou 'Terra'.

CONTACTO DE PRENSA TANXUGUEIRAS

Lucía Pita - 675 404 321

prensa@tanxugueiras.com

AXENCIA MANAGEMENT TANXUGUEIRAS

PlayPlan Cultural - contratacion@playplan.es

[Acceso ao kit de prensa de Tanxugueiras](#)